

**Ola** de novo **meteobaianos e meteobaianas!** De volta coa **VII** entrega do **Dígocho Eu** meteorolóxico e retomamos aquí o apuntamento feito o pasado mes sobre o **refraneiro** deste mes que xa estamos acabando, abril, aquilo de **En abril, augas mil.**


Acordaredes que preguntábamnos se críades que este refrán tan popular era **apropiado para Galicia.** Pensástelo? Pois a resposta é que **NON.**

Por que non? Ocorre que este dito é aplicable ao clima mediterráneo, non ao noso, porque no mediterráneo as épocas con maior cantidade de chuvia son a primavera e o outono, mentres que no noso clima é o inverno o que achega máis precipitacións.


Ollo! Tampouco en todos os climas de tipo mediterráneo ocorre así, tal sucede por exemplo en lugares como Barcelona ou Valencia, pero no clima mediterráneo de Sevilla ou Lisboa tamén é o inverno a estación que aporta máis chuvia, igual que aquí, aínda que eso sí con cantidades moito menores ás que se dan en Boiro, por exemplo.

Se nos fixamos nos **climogramas** destes lugares (figuras 1 á 5), tanto na distribución da chuvia ao longo do ano, como nas cantidades, comprobamos o anteriormente dito:


**Figura 1. Barcelona**




**Figura 2. Valencia**



**Figura 3. Sevilla**



**Figura 4. Lisboa**



Canto aos **datos** deste mes de **abril**, recollidos neste caso por Xiana de 6º A e Carlos e Manuel de 5º A (**fotos 1 e 2**), ata este mércores, día 27; as temperaturas **máxima** e **mínima** marcounas a estación da Aemet do cole, a máxima os días 16 e 17, con **23,1º**; e a **mínima**, de **1º**, o día 2. Pola súa parte, a estación de **Cespón**, que xa dixéramos que recibe máis chuvia, recolleu **169 litros**, mentres que a nosa estación **Dígocho Eu** rexistrou **135**. En marzo, respectivamente, recolleran 205 e 132 litros.

Foto 1



Foto 2



Como xa fixéramos en febreiro, nos **gráficos** 1 ao 5 comparamos as temperaturas máximas e mínimas de Cespón, a estación da Aemet do cole e a nosa estación Digocho Eu, así como a relación existente no comportamento de variables como as temperaturas e as horas de sol ou entre aquelas e a intensidade da precipitación ou do vento.

Figura 5. Boiro




Gráfico 1. Temperaturas máximas




Gráfico 2. Temperaturas mínimas






Gráfico 3. Temperaturas máximas e horas de sol




Nos gráficos 1 e 2 podemos ver como a evolución de temperaturas máximas e mínimas foi ao longo de abril, aínda que con altos e baixos, en progresivo aumento, sobre todo no caso das mínimas, nas que o mes comezou con rexistros aínda baixos. Na comparación entre temperaturas e horas de sol, claramente co aumento destas suben as máximas, mentres que no caso das mínimas, como nos meses anteriores, con ceos máis despexados o enfriamento nocturno é maior. No último gráfico, vese como segundo aumentan precipitacións e intensidade do vento, as temperaturas máximas baixan.

**Gráfico 4.** Temperaturas mínimas e horas de sol



**Gráfico 5.** Temperaturas, chuvia e vento




Finalmente, canto á **previsión** para esta fin de semana, nesta época primaveral resulta complicado facer os prognósticos do tempo, debido a mestura de influencias que se producen, por contra, no inverno ou no verán a continuidade da inestabilidade ou da estabilidade é maior, e porén, a previsión máis doada.

Proba disto é o tempo que tivemos ao longo desta **semana do 25 ao 29 de abril**, con inestabilidade ao principio, pero sen faltar o sol, ao que corresponde o **mapa 1** de isóbaras, do mércores 27, onde se reflicte a orixe desta mestura de influencias: por unha parte, proximidade de anticiclóns (frechas vermellas) e lonxanía de baixas presións (frechas azuis), pero entre as células anticiclónicas cóanse desprendementos fríos daquelas borrascas, responsables da inestabilización.

Cara o **sábado e domingo** a cousa parece que tende a se estabilizar, aínda que cremos que con aporte de masas de aire fresco de norte que non deixarán subir demasiado os termómetros, como consecuencia da situación que aparece no **mapa 2**, correspondente ao xoves 28, na que as altas presións (frecha vermella) conseguen bloquear de xeito máis efectivo os aludidos desprendementos fríos desde as borrascas que, nesta época, se desprazan xa máis lonxe de nós que no inverno.

En todo caso, xa se verá e..., **ata a próxima meteobaianos e meteobaianas!**

**Mapa 1.** Situación do mércores 27



**Mapa 2.** Situación do xoves 28

